

Isto non é un conto

Denis Diderot

Tradución de Isabel Soto



ATG
asociación de
tradutores
galegos

Denis Diderot

Isto non é un conto

Versión galega de Isabel Soto

Cando se conta un conto, sempre hai alguén que o escoita, e por pouco que dure, raro é que o contista non sexa interrompido nalgunha ocasión polo ouvinte. Velaí por que introducín no relato que ides ler —e que non é un conto, ou que, se o preferides, é un mal conto—, un personaxe que fai pouco máis ou menos o papel de lector. E xa comezo.

—E cal é a conclusión que tirades?

—Que un tema tan interesante debería poñelo todo coas patas para arriba, andar na boca da xente durante un mes en todos os parladoiros da vila, ser traído e levado até a insulsez, orixinar mil disputas, vinte folletos cando menos e mais algúns centos de obras en verso a favor e en contra; mais, se malia toda a agudeza, os coñecementos e a intelixencia do autor, a obra non suscita ningunha axitación violenta, daquela é mediocre, moi mediocre.

—Aínda así, coido que lle debemos un serán bastante agradable, e que a súa lectura levounos a...

—A que? A unha ladaíña de historietas manidas que andan ao leilán e que contan algo que vén de vello: que o home e a muller son dous animais moi malévolos.

—Emporiso o andazo aseñorouse de vós, e tivestes que pagar o escote coma calquera.

—É que, queira que non, todo o mundo ten que bailar ao son que lle tocan; ao entrar nunha sociedade, un adoita compor até a súa fisionomía na porta da vivenda de acordo coas que ve; un simula alegría cando está triste ou finxe tristura cando estaría tentado de amosarse alegre, pois non queremos aparentar diferentes aos demais. O literato

politiquea; o político anda con metafísicas; o metafísico moraliza; o moralista fala de finanzas; o financeiro ocúpase de letras ou de xeometría; e, no canto de escoitar ou calar, cadaquén esbardalla do que ignora e así resulta que todos se aburren quer por parva vaidade quer por cortesía.

—Estades de mal talante.

—Coma sempre.

—Creo que sería mellor adiar a miña historia para un momento máis favorable.

—Agardaredes, logo, a que eu xa non estea aquí.

—Non tal.

—Ou seica temedes que teña menos indulxencia con vós cara a cara que a que tería con calquera outro en público.

—Non tal.

—Daquela tede a amabilidade de me dicir de que se trata.

—É que a miña historia non demostra máis que as que vos enfastiaron.

—Veña! Contade, contade.

—Non, non, xa tivestes dabondo.

—Sabedes que de todas as maneiras que existen de enrabiarme, a vosa é a máis antipática?

—E cal é a miña?

—Facervos de rogar por algo que devecedes por levar a cabo. Pois ben, meu amigo, rógovos, suplicovos que vos dignedes satisfacervos.

—Satisfacerme!

—Comezade, por Deus, comezade.

—Tentarei ser breve.

—Iso non sería mala cousa.

Nesa altura, un pouco por malicia, tusín, cuspín, desencartei amodo o pano do nariz, asoeime, abrín a miña tabaqueira, collín un belisco de tabaco, entrementes escoitaba como o meu home refungaba: «A historia será curta, pero os preliminares sonche ben cumpridos...». Entráronme ganas de chamar por un criado con calquera pretexto, pero non fixen tal e dixen:

—ISTO NON É UN CONTO

»Cómpre recoñecer que hai homes moi bos e mulleres moi malas.

—Iso vémolos decotío e ás veces sen saírmos da casa. E que máis?

—Que máis? Pois que coñecín unha fermosa alsaciana, tan fermosa que facía correr os vellos e parar en seco os novos.

—Tamén a coñecín eu: era a señora Reymer.

—É certo. Un mozo chegado de Nancy, chamado Tanié, namorouse dela perdidamente. Era pobre, un deses fillos descarreirados que a dureza duns pais de familia numerosa expulsa da casa e que se botan ao mundo sen saberen que ha ser deles, por un instinto que lles di que non terán sorte peor daquela da que escapan. Tanié, namorado da señora Reymer, exaltado por unha paixón que afirmaba o seu valor e ennobrecía aos seus ollos todas as súas accións, sometíase sen repugnancia ás máis penosas e ás máis viles para aliviar a miseria da súa amiga. Polo día ía traballar ao porto; ao solpor, mendigaba polas rúas.

—Aquilo era moi fermoso, pero non podía durar.

—Tamén Tanié, canso de loitar contra a necesidade ou máis ben de reter na indixencia unha dama encantadora asediada por homes opulentos que a abafaban para que botase aquel galdrapeiro de Tanié...

—Cousa que ela faría quince días ou un mes máis tarde.

—... e para que aceptase as súas riquezas, acordou deixala e marchar lonxe na procura de fortuna. Solicita e obtén unha pasaxe nun navío do rei. Chega o momento da partida. Vaise despedir da señora Reymer. *«Miña amiga –dille–, non podería abusar por máis tempo da vosa tenrura. Tomei unha decisión e marchó»; «Marchades!»; «Si»; «E a onde ides?»; «Ás illas. Vós sodes digna doutra sorte e eu non podería afastala de vós durante máis tempo».*

—O bo de Tanié!

—«E que será agora de min?»

—Que traidora!

—«Vós estades arrodeada de xente que quere agradarvos. Libérovos das vosas promesas. Devólvovos os vosos xuramentos. Mirade entre eses pretendentes cal é o que máis vos comprace. Aceptádeo, son eu quen volo pide»; *«Ah, Tanié! Sodes vós quen me propoñedes...»*

—Dispénsovos da pantomima da señora Reymer. Xa a vexo. Ben a coñezo.

—«Ao marchar, o único favor que esixo de vós é que non aceptedes ningún compromiso que nos separe para sempre. Xurádemo, miña fermosa amiga. Calquera que sexa a rexión da terra onde viva, tería que ser moi desgraciado se pasa un ano sen darvos probas seguras da miña querenza. Non choredes».

—Todas choran a vontade.

—«E non vos opoñades a un proxecto que os reproches do meu corazón me inspiraron, os cales non tardarán en traerme de volta».

—E velaí que Tanié partiu para Santo Domingo.

—E marcha no momento oportuno para a señora Reymer e para el.

—Que sabedes diso?

—Sei tanto como se pode saber. Cando Tanié lle aconsellou elixir, a escolla xa estaba feita.

—Vaia!

—Seguide co voso relato.

—Tanié posuía intelixencia e grandes aptitudes para os negocios. Non tardou en ser coñecido. Entrou no consello soberano do Cabo, onde salientou polas súas luces e pola súa equidade. Non arelaba unha gran fortuna, unicamente que fose honrada e rápida. Cada ano enviaba unha parte á señora Reymer. Volveu ao cabo de...

—Duns nove ou dez anos. Non, non creo que a súa ausencia fose máis longa.

—... para presentarlle á súa amiga unha pequena carteira que encerraba o produto das súas virtudes e dos seus traballos.

—E por sorte para Tanié foi un momento no que ela acababa de separarse do derradeiro dos seus sucesores.

—Do derradeiro?

—Si.

—Daquela tivera varios?

—Seguramente. Veña, veña.

—Pero seguro que non teño nada que engadir que non saibades mellor ca min.

—Que máis ten! Seguide.

—A señora Reymer e Tanié ocupaban unha vivenda bastante xeitosa na rúa Sainte-Marguerite, porta con porta coa miña casa. Eu apreciaba moito a Tanié e frecuentaba a súa casa, que era, senón opulenta, polo menos acomodada.

—Podo asegurarvos, sen facer contas coa señora Reymer, que ela dispoñía de máis de quince mil libras de renda denantes da volta de Tanié.

—Agacháballe daquela a súa fortuna?

—Si.

—E por que?

—Porque era avarenta e cobizosa.

—Pase o de cobizosa, pero avarenta! Unha cortesá avarenta! Os dous amantes levaban cinco ou seis anos a entendérense.

—Grazas á extrema fineza dun e á confianza sen límites do outro.

—Oh! É certo que era imposible que a sombra da sospeita entrase nunha alma tan pura como a de Tanié. A única cousa da que me decatei algunha vez foi que a señora Reymer esquecera axiña a indixencia das

súas orixes. Agoniábaa o amor ao fasto e á riqueza, e sentíase humillada polo feito de que unha muller tan fermosa coma ela tivese que ir a pé.

—E logo non ía en carroza?

—E que o esplendor do vicio disimulase a súa baixeza? Burládesvos? Por aquel tempo ao señor de Maurepas ocorréuselle o proxecto de establecer no norte unha casa de comercio. O éxito daquela empresa requiría un home activo e intelixente. E puxo os ollos en Tanié, a quen lle confiara a dirección de varios negocios importantes durante a súa estadía no Cabo e sempre os resolvera a plena satisfacción do ministro. Tanié lamentou aquela proba coa que o distinguía; estaba tan contento, tan feliz a carón da súa fermosa amiga! Amábaa, e era amado, ou así o cría el.

—Ben falado.

—Que podía engadir o ouro á súa felicidade? Ren. Non obstante, o ministro porfiaba. Cumpría tomar unha determinación, tiña que confesarlle á señora Reymer. Eu cheguei á súa casa xustamente ao final daquela desagradable escena. O pobre Tanié choraba a fío. *«Que é o que tendes, amigo?»*. Contestoume saloucando: *«É esa muller!»*. A señora Reymer traballaba tranquilamente nun labor de bordado. Tanié ergueuse con brusquidade e saíu. Quedei a soas coa súa amiga, que me puxo ao corrente do que cualificaba como un desatino de Tanié. Esaxerou a modestia do seu estado; para se defender puxo toda a arte que posúe un espírito sagaz para paliar os sofismas da ambición. *«De que se trata? Dunha ausencia de dous ou tres anos como moito? É moito tempo para un home que amades e que vos ama tanto coma a si mesmo»*; *«Que el me ama? Se me amase, dubidaría en satisfacerme?»*; *«Pero, señora, por que non ides canda el?»*; *«Eu? Non vou alá de ningunha maneira e por extravagante que pareza nin sequera se lle ocorreu propoñermo. Dubida de min?»*; *«Non o creo»*; *«Despois de agardalo durante doce anos, abofé que ben podería descansar dous ou tres. Señor, é unha desas ocasións singulares que só se presentan unha vez na vida e non quero que un día se arrepiña e se cadra me reproche perdela»*; *«Tanié non se arrepentirá de nada mentres teña a felicidade de compracervos»*; *«Iso é moi honesto, pero estade seguro de que se sentirá moi contento de ser rico cando eu sexa vella. O defecto das mulleres é non pensar nunca no futuro, pero non é o meu caso»*. O ministro estaba en París. Da rúa Sainte-Marguerite ao seu palacete non había máis que un paso. Tanié fora até alí e comprometérase. Volveu cos ollos secos, pero coa alma encollida. *«Señora —díxolle—, estiven co señor de Maurepas; ten a miña palabra. Marcharei, marcharei e vós quedaredes satisfeita»*; *«Ah, meu amigo...!»*. A señora Reymer deixa a un lado o labor e lánzase cara a Tanié, bótalle os

brazos arredor do pescozo, éncleo de aloumiños e de doces palabras. «Ah! Desta vez vexo canto cariño me tendes!». Tanié respondeulle friamente: «Vós queredes ser rica».

—E tanto que o era, a lagarteira, dez veces máis do que merecía.

—«E serédelo. Posto que é o ouro o que amades, cómpreme marchar buscarvos ouro». Era martes e o ministro fixara a súa marcha para o venres sen falta. Eu ía despedirme no momento en que loitaba consigo mesmo, no que tentaba arredarse dos brazos da fermosa, indigna e cruel Reymer. Andáballe pola cabeza unha marfallada de ideas, un desespero, unha agonía que non vin cousa coma ela. Non era unha queixa, era un longo brado. A señora Reymer aínda estaba no leito. El agarráballe a man e non deixaba de repetir: «Cruel muller! Muller cruel! Que máis necesidade tes que a comodidade na que vives, e un amigo, un amante coma min? Fun buscarlle a fortuna nas rexións ardentes de América, mais quere que lla vaia buscar tamén no medio dos xeos do norte. Meu amigo, sinto que esta muller está tola, sinto que son un insensato; pero resúltame menos horrible morrer que entristecela. Queredes que vos abandone, pois heivos abandonar». Estaba de xeonllos ao pé da súa cama, coa boca pegada á súa man e o rostro agachado nas mantas que, en afogando o seu murmurio, non conseguían outra cousa que tornalo máis triste e máis espantoso. A porta do cuarto abriuse, el ergueu a cabeza de socato; viu o postillón, que viña anunciarlle que os cabalos estaban enselados. Soltou un urro e volveu ocultar o rostro debaixo das mantas. Despois dun momento de silencio ergueuse e díxolle á súa amiga: «Bicádeme, señora; bicádeme outra vez, pois xa non me volveredes ver». O seu presentimento resultou certo. Marchou. Chegou a San Petersburgo e tres días despois atacouno unha quentura e morreu ao cuarto.

—Eu sabía todo iso.

—Non seredes un dos sucesores de Tanié?

—Vós o dixestes, foi con esa fermosa abominable con quen estraguei os meus negocios.

—Pobre Tanié!

—Haberá xente que vos diga que foi parvo.

—Non serei eu quen o defenda, pero desexaría no fondo do meu corazón que o seu mal destino conduza esa xente a unha muller tan fermosa e tan artificiosa como a señora Reymer.

—Sodes cruel nas vosas vinganzas.

—E ademais, se hai mulleres malas e homes moi bos, tamén hai mulleres moi boas e homes moi malvados; e o que vou engadir tampouco non é un conto como o precedente.

—Estou certo.

—O señor de Hérouville...

—O que vive aínda? O tenente xeneral dos exércitos do rei? O que casou con aquela encantadora criatura chamada Lolotte?

—Ese mesmo.

—É un home galante, amigo das ciencias.

—E dos sabios. Ocupouse durante moito tempo dunha historia xeral da guerra en todos os séculos e en todas as nacións.

—O proxecto é vasto.

—Para poñerlle o ramo, chamara canda el algúns mozos dun mérito distinguido, tales como o señor de Montucla, o autor da *Historia das matemáticas*.

—O demo me coma! E había moitos de tanta importancia?

—Pois o que se chamaba Gardeil, o protagonista da aventura que vou contarvos, non lle tiña nada que envexar. Un fervor común polo estudo da lingua grega deu comezo entre Gardeil e mais eu a unha relación que o tempo, a reciprocidade dos consellos, o gusto pola vida retirada e, sobre todo, a frecuencia do trato, conduciron a unha grande intimidade.

—Daquela vós viviades na Estrapade.

—El na rúa Saint-Hyacinthe, e a súa amiga, a señorita de La Chaux, na praza Saint-Michel. Refírome a ela polo seu nome porque a malpocada xa non existe, porque a súa vida só poden honrala todos os homes de ben e ben merece a admiración, a conmisericordia e as bágoas daqueles aos que a natureza favorecería –ou castigaría– cunha pequena porción da sensibilidade da súa alma.

—A vosa voz entrecórtase e creo que chorades.

—Aínda me parece estar vendo os seus grandes ollos negros, brillantes e doces, e que o son da súa conmovedora voz resoa na miña orella e turba o meu corazón. Encantadora criatura! Criatura única! Xa non existes! Hai case vinte anos que morriches e o meu corazón encóllese co teu recordo.

—Amástela?

—Non. Oh, La Chaux! Oh, Gardeil! Un e mais o outro fostes dous prodixios: ela, da tenrura da muller; el, da ingratidade do home. A señorita de La Chaux era dunha familia honrada. Deixou os seus pais para botarse nos brazos de Gardeil. Gardeil non tiña nada; a señorita de La Chaux gozaba dalgúns bens que foron enteiramente sacrificados ás necesidades e ás fantasías de Gardeil. Mais nunca se arrepeniu nin da súa fortuna

desbaldida nin da súa honra derramada. O seu amante representaba todo para ela.

—E logo ese Gardeil era tan gaioleiro, tan amable?

—En absoluto. Era un homiño túzaro, taciturno e cáustico, co rostro azourido e a cute morena; en resume, unha figura delgada e esguízara; un laido, se un home pode selo cunha fisionomía desa índole.

—E por ese entoleceu unha moza tan encantadora?

—Seica vos sorprende?

—Pois si.

—A vós?

—A min.

—E logo xa non lembrades a vosa aventura coa Deschamps e o fondo desespero no que caestes cando aquela criatura vos empuxo?

—Deixemos iso e continuade.

—Eu diciavos: «*Daquela, é moi guapa?*» E vós respondiádesme con tristura: «*Non*». «*É intelixente?*». «*É unha boubexa*». «*Pois serán os seus talentos os que vos engarguelan?*» «*Só ten un*». «*E cal é ese raro, sublime, ese marabilloso talento?*» «*Facerme máis feliz entre os seus brazos do que nunca o fun nos brazos de ningunha outra muller*». Pois a señorita de La Chaux, a honesta, a sensible señorita de La Chaux propoñíase secretamente, por instinto, sen ela sabelo, o tipo de felicidade que vós coñecíades e que vos facía dicir da Deschamps: «*Se esa desgraciada, se esa infame finca en botarme de onda ela, collo unha pistola e levántome a tampa dos miolos na súa antecámara*». Dixéstelo ou non?

—Díxeno, e mesmo arestora non sei por que non o fixen.

—Daquela concordades.

—Concordo en todo o que queirades.

—Amigo, o máis sabio de entre nós séntese ben feliz de non atopar a muller fermosa ou fea, intelixente ou parva que o tolee como para encerralo no manicomio de Les Petites-Maisons. Compadezamos moito os homes, censurémolos sobriamente, contemplemos os anos pasados como tantos momentos roubados á maldade que nos persegue, e non pensemos endexamais senón espavorecidos pola violencia de certas atraccións da natureza, sobre todo nas almas apaixonadas e nas imaxinacións ardorosas. A faísca que cae fortuitamente nun barril de pólvora non produce un efecto máis terrible. Se callar, xa está erguido o dedo preparado para sacudir sobre vós e sobre min esa fatal faísca.

»O señor de Hérouville, doente por acelerar a súa obra, fatigaba en exceso os seus colaboradores. A consecuencia diso a saúde de Gardeil alterouse. Para alixeirar os seus quefaceres, a señorita de La Chaux

aprendeu hebreo, e mentres o seu amigo descansaba, ela pasaba parte da noite interpretando e transcribindo fragmentos de autores hebreos. Chegou o momento de analizar os autores gregos; a señorita de La Chaux espeliuse en perfeccionarse nesa lingua da que tiña coñecementos superficiais, e en tanto Gardeil durmía, ocupábase de traducir e copiar pasaxes de Xenofonte e de Tucídides. Ao coñecemento do grego e do hebreo, engadiu o do italiano e mais o do inglés. Dominou o inglés até o punto de verter ao francés os primeiros ensaios de metafísica de Hume, obra na cal á dificultade da materia se engadía infinitamente á do idioma. Cando o estudo esgotara as súas forzas, divertíase aprendendo música. Cando temía que o aburrimiento se apoderase do seu amante, cantaba. Non esaxero nada, poño por testemuña o señor Le Camus, doutor en medicina, que a consolou nas súas penas e que a socorreu na súa indixencia, quen lle rendeu os servizos máis continuos, quen a seguiu á mansarda onde a súa pobreza a relegara e quen lle pechou os ollos cando morreu. Pero esquezo unha das súas primeiras desgrazas: a persecución que tivo que sufrir por parte dunha familia indignada por mor daquel arrimo público e escandaloso. Utilizáronse a verdade e a mentira para dispoñer da súa liberdade dunha maneira infamante. Os seus parentes e os curas perseguíana de barrio en barrio, de casa en casa, e reducírona durante varios anos a vivir soa e agachada. Pasaba os días a traballar para Gardeil. Nós presentabámonos pola noite e, en presenza do seu amante, toda a súa pena, toda a súa inquietude se esvaecían.

—Vaites! Moza pusilánime e sensible no medio de tantas trabas e con todo era feliz.

—Feliz! Si, non deixou de selo até que Gardeil foi ingrato.

—Pero é imposible que a ingratidade fose a recompensa de tantas raras calidades, de tantas probas de tenrura, de tantos sacrificios de toda sorte.

—Enganádesvos; Gardeil foi un ingrato. Un día, a señorita de La Chaux atopouse soa neste mundo, sen honra, sen fortuna, sen apoio. Estou trabucado: eu permanecín con ela durante algún tempo. O doutor Le Camus ficou sempre canda ela.

—Oh, os homes, os homes!

—De quen falades?

—De Gardeil.

—Reparades no malvado e non vedes xusto ao seu carón o home de ben. Aquel día de dor e desespero ela correu á miña casa. Era pola mañá. Estaba pálida coma a morte. Coñecía a súa sorte desde a véspera e ofrecía a imaxe de estar padecendo un fondo sufrimento. Non choraba, pero ben

se vía que chorara arreo. Estomballouse nunha poltrona. Non falaba, non podía falar. Tendeume os brazos e asemade berraba. «*Que é o que pasa*», díxenlle. «*Seica morreu?*»; «*Peor aínda: xa non me ama; abandóname*».

—Seguide.

—Non sabería, estouna vendo, aínda podo escoitala, e os meus ollos échense de bágoas. «*Xa non vos ama?*»; «*Non*»; «*Abandónavos!*»; «*Ah, si! Despois de todo o que levo feito por el...! Señor, a miña cabeza embarúllase. Tende piedade de min. Non me deixedes...; sobre todo, non me deixedes...*». En tanto pronunciaba aquelas palabras, agarrárame o brazo e apertábamo con forza, coma se houbera alguén a rentes dela que a ameazase con afastala de alí e azorrala. «*Non temades, señorita*»; «*Só teño medo de min mesma*»; «*Que queredes que eu faga por vós?*»; «*Primeiro de todo, salvarme de min mesma... Xa non me ama! Cánsoo! Amárgoo! Aborrézoo! Ódiame! Abandóname! Déixame, déixame!*». Logo de repetir estas palabras seguiu un fondo silencio, e a este silencio unhas gargalladas de risa convulsa máis espantosas mil veces que os berros do desespero ou o estertor da agonía. A seguir viñeron os choros, os berros, as palabras inarticuladas, as miradas cara ao ceo, os beizos trementes, un torrente de dores que cumpría abandonar ao seu curso. E iso foi o que fixen, e non comecei a dirixirme á súa razón até que non vin a súa alma feita cachizas e estúpida. Daquela recomecei: «*El ódiavos, déixavos! E quen volo dixo?*»; «*El*»; «*Veña señorita, unha pouca esperanza e algo de valor. Non é un monstro...*»; «*Vós non o coñecedes, pero xa o coñeceredes. É un monstro como non hai outro igual, como non o houbo endexamais*»; «*Non podo crelo*»; «*Xa o veredes*»; «*E vós non lle destes motivo ningún de sospeita, ningunha causa de descontento?*»; «*Ningún, ningún*»; «*E logo que pasou?*»; «*A miña inutilidade. Xa non teño nada. Xa non lle sirvo para nada. A súa ambición, sempre foi ambicioso. A perda da miña saúde, a dos meus encantos; sufrín tanto, fatigueime tanto; o aburrimiento, o noxo*»; «*Podedes deixar de ser amantes, pero seguir sendo amigos*»; «*Convertinme nun obxecto insoportable; amárgalle a miña presenza, mirarme aflíxeo e féreo. Se soubésedes o que me dixo! Si, señor, díxome que se fose condenado a pasar vinte e catro horas comigo, botaríase pola ventá*»; «*Pero esa aversión non sería cousa dun momento*»; «*E eu que sei? É de natural tan desdeñoso, tan indiferente, tan frío! É tan difícil ler no fondo desas almas! E sentimos tanta repugnancia ao ler a nosa sentenza de morte! El pronunciouna diante miña, e con que dureza!*»; «*Non entendo nada*»; «*Quero pedirvos un favor e por iso vin aquí. Concederédesmo?*»; «*Sexa o que for*»; «*Escoitade: el respéctavos. Vós sabedes todo o que me debe. Se cadra ruborizarase ao se amosar diante de vós tal como é. Non,*

non creo que teña o papo nin a forza. Eu non son máis que unha muller e vós sodes un home. Un home tenro, honrado e xusto impón. Vós impoñerédesvos. Dádeme o brazo e non rexeitedes acompañarme á súa casa. Quero falarlle diante de vós. Quen sabe o que a miña dor e a vosa presenza poderán influír sobre el? Acompañarédesme?»; «De moi boa gana»; «Imos, logo».

—Sospeito que nin a súa dor nin a vosa presenza serviron de nada. O fastío! É ben terrible o fastío no amor, e máis por unha muller...!

—Mandei buscar unha cadeira de mans, pois ela non estaba en condicións de camiñar. Chegamos cas de Gardeil, a aquela gran casa nova, a única que había á dereita na rúa Saint-Hyacinthe, ao entrar pola praza Saint-Michel. Alí, os carrexadores detéñense; abren. Agardo, pero ela non sae. Achégome e vexo unha muller presa dun tremor universal; os seus dentes tocaban coma nos arreguizos da febre, os xeonllos batían un contra o outro. «*Un momento, señor. Pídlle perdón, non podería... Que vou facer aí? Incomodeivos en baluto nos vossos asuntos. Laméntoo. Pídlle perdón...*». Así e todo, eu ofrecíalle o brazo. Ela colleuno e intentou erguerse, pero non foi quen. «*Un momento, señor —dime ela—. Cáusovos pena. Sufrides por cousa do meu estado...*». Por fin apazugou unha miga e ao saír da cadeira borbóriñou: «*Temos que entrar, temos que velo. Quen sabe? Se cadra morrerei desta...*». Entón atravesamos o patio; xa estamos na porta da vivenda; agora entramos no despacho de Gardeil. El estaba sentado no escritorio, en bata e co gorro de durmir. Saudoume coa man e continuou co traballo que comezara. Logo chegouse a min e díxome: «*Cadraredes de acordo comigo, señor, en que as mulleres son ben prosmeiras. Pídlle mil excusas polas extravagancias da señorita*». Despois, dirixíndose á pobre criatura, que estaba máis morta que viva, díxolle: «*Señorita, que máis pretendedes de min? Paréceme que despois da maneira clara e precisa coa que me expresei, todo debe estar rematado entre nós. Xa vos dixen que xa non vos amaba; díxenvolo en privado; seica a vosa intención é que volo repita diante do señor: pois ben, señorita, xa non vos amo. O amor por vós é un sentimento apagado no meu corazón, e aínda engadiría, se iso vos pode servir de consolo, por calquera outra muller»; «Pero explicádeme por que xa non me amades»; «Ignóroo. Todo o que sei e que comecei sen saber por que, que cesei sen saber por que e que sinto que é imposible que aquela paixón retorne. É unha empinxe da que me desfíxen e da que me praxe estar completamente curado»; «Cales son os meus erros?»; «Non tedes ningún»; «Teríades algunha secreta obxección que facer á miña conduta?»; «Nin a máis mínima; fostes a muller máis constante, máis honesta e máis tenra que un home puider*

desexar»; «Deixei de facer algo que estaba na miña man?»; «Nada»; «Non sacrifiquei os meus pais por vós?»; «É certo»; «E a miña fortuna?»; «Ben que o sinto»; «A miña saúde»; «Pode ser»; «A miña honra, a miña reputación, o meu repouso?»; «Todo o que vós queirades»; «E parézoche odiosa!»; «É duro de dicir e duro de oír, pero posto que o preguntades, así é»; «Parézolle odiosa...!»; «Así o sinto e non crea que por iso me estimo máis»; «Odiosa! Ah, deuses!». Tras estas palabras unha palidez mortal estendeuse pola súa face; os seus beizos perderon a cor; as pingas dunha suor fría que se formaba nas súas moufas mesturábanse coas bágoas que esvaraban dos seus ollos; tiña os ollos pechados e a cabeza reclinada contra o respaldo da cadeira de brazos; os seus dentes apertáronse; todos os seus membros estarreceron e a este arrepío sucedeu un desfalecemento que me pareceu o cumprimento da esperanza que concibira na porta da casa. A duración daquel estado acabou por asustarme. Quiteille a esclavina, solteille os cordóns do vestido, afrouxei os das enaguas e boteille algunhas pingas de auga fresca na cara. Os seus ollos entreabríronse e escoitouse un murmurio xordo na súa gorxa; quería pronunciar «Parézolle odiosa», porén non era quen de articular máis que as últimas sílabas. Despois soltou un berro agudo, as súas pálpebras baixaron e volveulle dar unha volta. Gardeil, friamente sentado na súa cadeira de brazos, co cóbado apoiado na man, fitábaa sen emoción e deixábame a min o coidado de socorrela. Eu díxenlle varias veces: «Pero, señor, está morrendo..., habería que avisar». El respondeume sorrindo e encollendo os ombros: «As mulleres son ben duras e non morren por tan pouca cousa; non é nada, xa lle pasará. Vós non as coñecedes, fan co corpo o que queren»; «Que vos digo que está a morrer». En efecto, o seu corpo estaba como exhausto, sen vida, escapaba do sofá e caería pola dereita ou pola esquerda se eu non termase dela. Non obstante, Gardeil erguérase bruscamente e, paseando polo piso, dicía cun ton de impaciencia e de mal humor: «Podería aforrar esta triste escena, pero espero que sexa a derradeira. De que demos se resente esta criatura? Eu ameina, e aínda que me escornase contra as paredes, non a amaría máis nin menos. Agora non a amo; xa o sabe ou non o saberá nunca. Está todo dito...»; «Non, señor, non está todo dito. Como! Credes que un home de ben pode despojar unha muller de todo o que ten e logo deixala?»; «E logo que queredes que lle faga? Son tan pobre coma ela»; «Que é o que quero que fagades? Que asociedes a vosa miseria coa dela, á que a condenastes»; «Iso resulta moi doado de dicir. Ela non estaría mellor e eu estaría moito peor»; «Actuariades así cun amigo que sacrificase todo por vós?»; «Un amigo! Un amigo! Non teño gran confianza nos amigos e esta

experiencia aprendeume a non tela tampouco nas paixóns. Ben amolado estou de non sabelo antes»; «E vedes xusto que esta desgraciada muller sexa a vítima do erro do voso corazón?»; «E quen vos asegura que dentro dun mes ou dun día non sería eu tamén vítima, coa mesma crueldade, do erro do seu?»; «Quen mo asegura? Todo o que fixo por vós e o estado en que vós a vedes»; «O que fixo por min...! Oh!, raios, ben pago está coa perda do meu tempo»; «Ah, señor Gardeil, como comparades o voso tempo con todas as cousas sen prezo que lle ripastes!»; «Eu non fixen nada, non son nada, teño trinta anos e xa é tempo, agora ou nunca, de pensar en min mesmo e de apreciar todas esas parvadas no que valen...»

»Entrementres, a pobre señorita recuperárase un pouco. A estas últimas palabras respondeu con bastante vivacidade: *«Que foi o que dixo da perda do seu tempo? Aprendín catro linguas para alixeiralo nos seus traballos; lin mil volumes; escribín, traducín, copiei día e noite; esgotei as miñas forzas, gastei os ollos, queimei o sangue, contraín unha desagradable enfermidade da que se cadra non curarei nunca. A causa do seu noxo non ousa confesala, pero ides coñecela»*. Coa mesma arrinca o pano da cabeza, saca un brazo do vestido, deixa o ombreiro nu e, amosándome unha mancha de erisipela, dime: *«Velaquí a razón do seu cambio. Velaquí a consecuencia das noites en vela. El chegaba pola mañá cos seus rolos de pergamiño. O señor de Hérouville, dicíame, ten moita présa por saber o que di isto. Este traballo tería que estar feito mañá. E estaba...»*. Naquel momento escoitamos as pisadas de alguén que avanzaba cara á porta. Era un servente que anunciaba a chegada do señor de Hérouville. Gardeil virou pálido. Eu invitei a señorita de La Chaux a compoñerse e a retirarse... *«Non —dixo—, non, quedo. Quero desenmascarar este indigno. Agardarei o señor de Hérouville e falarei con el»; «E para que serviría iso?»; «Levades razón —respondeume—, para nada»; «Mañá lamentariádelo moito. Deixádeo con todos os seus erros, é unha vinganza digna de vós»; «Pero, é digna del? Pero non vedes que este home non é... Marchemos, señor, marchemos axiña, pois non respondo do que faría nin do que diría»*. A señorita de La Chaux amañou nun dicir amén a desorde que aquela escena causara na súa roupa e lanzouse coma unha chispa fóra do despacho de Gardeil. Eu seguina e oín pechar a porta tras de nós con violencia. Logo souben que se lle dera a súa descrición ao porteiro.

»Conducina á súa casa onde atopei o doutor Le Camus, que agardaba por nós. A paixón que sentía por aquela moza difería pouco da que ela sentía por Gardeil. Relateille como transcorrera a nosa visita, e todo en medio dos seus acenos de cólera, dor, indignación...

—Non resultaría difícil adiviñar no seu rostro que o voso escaso éxito non lle desagradaba.

—É certo.

—Velaí o home. Non é mellor ca iso.

—Aquela ruptura foi seguida dunha grave enfermidade durante a cal o bo, o honesto, o tenro e delicado doutor lle procuraba coidados que non lle daría á máis importante dama de Francia. Viña tres ou catro veces ao día. Mentres estivo en perigo, durmiu no seu cuarto nun catre. Non hai maior ledicia que unha longa enfermidade cando se sofren grandes penas.

—Cando a enfermidade se achega a nós, arreda a acordanza dos demais, e mesmo se converte nun pretexto para contristarse sen indiscreción e sen coacción.

—Esta reflexión, xusta polo demais, non era aplicable á señorita de La Chaux. Durante a súa convalecencia organizamos o emprego do seu tempo. Tiña intelixencia, imaxinación, gusto, máis coñecementos dos que cumpría para ser admitida na Academia das Inscricións. Escoitáranos *metafisiquear* tantas e tantas veces que as materias máis abstractas lle resultaban familiares, e a súa primeira tentativa literaria foi a tradución dos *Ensaio sobre o entendemento humano* de Hume. Reviseilla eu e, en realidade, deixárame ben poucas cousas que corrixir. Esta tradución imprimiuse en Holanda e foi ben acollida polo público.

»A miña *Carta sobre os xordos e os mudos* apareceu case ao mesmo tempo. Algunhas sutís obxeccións que me propuxo deron lugar a unha apostila que lle foi dedicada. Esta apostila non é das cousas peores que levo feito.

»A ledicia da señorita de La Chaux retornara un algo. O doutor invitábamos algunhas veces a comer e estas ceas non resultaban nada tristes. Desde o afastamento de Gardeil, a paixón de Le Camus fixera maravillosos progresos. Un día, sentados á mesa, na sobremesa, cando el falaba dela con toda honradez, toda a sensibilidade e toda a inxenuidade dun cativo e con toda a elegancia dun home intelixente, ela díxolle cunha franqueza que me compraceu infinitamente, pero que se cadra desagradará a outros: «*Doutor, é imposible que a estima que sinto por vós se incremente nunca. Síntome afagada polos vosas atencións, e sería tan perversa como o monstro da rúa Saint-Hyacinthe se non vos estivese inmensamente agradecida. O voso enxeño agrádame a máis non poder. Faládesme da vosa paixón con tanta delicadeza e tanta graza, que me sentiría, creo eu, molesta se non o fixésedes. A soa idea de perder a vosa compañía ou de ser privada da vosa amizade abondaría para facerme desgraciada. Sodes un home de ben como non houbo outro. Sodes dunha*

bondade e dunha dozura de carácter incomparables. Non creo que un corazón poida caer en mellores mans. Da mañá á noite pídlle ao meu a favor voso; pero, por moito que rogo é inútil. Non avanzo nada. Non obstante, vós sufrides e por iso sinto unha pena cruel. Non coñezo a ninguén que sexa máis digno que vós da felicidade que solicitades, e non sei o que eu non faría para que fósedes feliz. Todo o posible, sen excepción. Mirade, doutor, chegaría... si, chegaría mesmo a deitarme con vós..., até iso mesmo. Queredes deitavos comigo? Non tedes máis que dicirmo. Velaí todo o que podó facer para servirvos, pero se queredes ser amado, iso non o podería facer».

»O doutor escoitábaa, collíalle a man, bicábaa, mollábaa coas súas bágoas e eu non sabía se debía rir ou chorar. A señorita de La Chaux coñecía ben o doutor e ao día seguinte eu dicíalle: «*Pero, señorita, e se o doutor vos tomase a palabra?*». Ela respondeume: «*Mantería a miña palabra, pero iso non podería suceder. Un home coma el nunca aceptaría os meus ofrecementos...*»; «*E por que non? Paréceme que no lugar do doutor, eu esperaría que o resto chegase despois*»; «*Si, pero se vós estivédes no lugar do doutor, a señorita de La Chaux non vos faría a mesma proposición*».

»A tradución de Hume non lle reportou demasiados cartos. Os holandeses imprimen todo o que queiramos con tal de non pagar nada.

—Por sorte para nós, pois coas trabas que se lle poñen á intelixencia, se deciden por unha vez pagar aos autores, atraerían ao seu país todo o comercio da librería.

—Nós aconsellámoslle que fixese unha obra de entretemento para acadar máis honor e máis proveito. Dedicouse a escribila durante catro ou cinco meses, ao remate dos cales me trouxo unha pequena novela histórica titulada *As tres favoritas*. Había nela lixeireza de estilo, finura e interese, pero sen se decatar, pois era incapaz de malicia ningunha, sementou unha multitude de trazos aplicables á amante do soberano, a marquesa de Pompadour, e eu non lle oculte que, por moitos sacrificios que fixese, sexa adozando, sexa suprimindo determinadas pasaxes, resultaba case imposible que a súa obra aparecese sen comprometela, e que a pena de estragar o que estaba ben, non a librería doutro pesar.

»Sentiu a exactitude da miña observación e aflixiuse máis. O bo doutor cubría todas as súas necesidades, pero ela valíase da súa beneficencia con gran reserva, pois se sentía menos disposta á clase de recoñecemento que el podería esperar. Alén diso, o doutor daquela non era rico e tampouco non estaba demasiado dotado para chegar a selo. De cando en vez tiraba o seu manuscrito da carteira e dicíame tristemente:

«Ben! E non haberá maneira de facer algo con isto e terá que quedar aquí?». Deille un singular consello: que lle enviase a obra tal como estaba, sen edulcorar, á mesma marquesa de Pompadour, cunhas palabras que a puxesen ao corrente do envío. Agradoulle a idea. Escribiulle unha carta de todo punto encantadora, pero sobre todo cun ton de veracidade imposible de rexeitar. Decorreron dous ou tres meses sen que recibise noticias, e xa consideraba que a tentativa fora infrutuosa cando un cruzado de San Luís se presentou cas dela coa resposta da marquesa. A obra éralle loada como merecía; dábanselle as grazas polo sacrificio; conviña nas alusións, non se sentía ofendida en absoluto e invitaba a autora a ir a Versalles, onde atoparía unha muller agradecida e disposta a axudala no que dela dependese. O enviado, ao saír da casa da señorita de La Chaux, deixou discretamente sobre a cheminea un rolo con cincuenta luíses.

»O doutor e mais eu insistimos para que se aproveitase da benevolencia da señora de Pompadour, pero enfrontabámonos a unha muller cuxa modestia e timidez igualaban o seu mérito. Como ía presentarse alí cos seus béldragos? O doutor resolveu decontado esta dificultade. Despois da roupa viñeron outros pretextos, e despois outros aínda. A viaxe a Versalles foi delongada día a día, até que xa case non conviña facela. Xa había moito tempo que nós non lle falabamos do tema, cando o mesmo emisario volveu cunha segunda carta chea de reproches amables e outra gratificación equivalente á primeira e ofrecida coa mesma deferencia. Aquela xenerosa acción da señora de Pompadour nunca chegou a coñecerse. Falei disto co señor Collin, o seu home de confianza e o distribuidor das súas grazas secretas. Ignorábaa, e teño para min que non é a única que a súa tumba oculta.

»E así foi como a señora de La Chaux perdeu por dúas veces a ocasión de se librar da miseria.

»Logo mudouse aos arrabaldes da vila e perdina completamente de vista. O que souben do resto da súa vida é que non foi máis que un pano de bágoas, enfermidades e miseria. Cerráronselle obstinadamente as portas da súa familia. Solicitou en baluto a intercesión deses santos personaxes que a perseguiran con tanto celo.

—É o que adoita suceder.

—O doutor non a abandonou nunca. Morreu riba da palla nun faio, mentres o pequeno tigre da rúa Saint-Hyacinthe, o único amante que tivera, exercía a medicina en Montpellier ou en Toulouse, e gozaba desafogadamente da súa merecida reputación de home hábil e da reputación usurpada de home honesto.

—Pero iso tamén entra pouco máis ou menos dentro do normal. Se existe un home bo e honrado como Tanié, a Providencia envía o onda unha Reymer. Se hai unha muller boa e honrada como de La Chaux, tocaralle a un Gardeil a fin de que todo resulte o mellor posible.

Se cadra diráseme que é ir lixeiro pronunciarse definitivamente sobre o carácter dun home a partir dunha soa acción; que unha regra tan severa reduciría o número da xente de ben até o punto de deixar menos sobre a terra dos que o evanxeo do cristián admite como elixidos no ceo; que se pode ser inconstante no amor, mesmo presumir de pouca relixión coas mulleres, sen ser desprovisto de honra e de probidade; que un non é dono de apagar unha paixón que se acende, nin de prolongar unha que se extingue; que xa hai bastantes homes nas casas e nas rúas que merecen con toda razón o nome de pícaros, sen inventar crimes imaxinarios que os multiplicarían até o infinito. Preguntaráseme se eu non traizoei, nin enganei, nin abandonei a ningunha muller sen motivo. Se quixese responder a estas preguntas, a miña resposta non quedaría sen réplica, e sería unha discusión de nunca acabar até o día do xuízo final. Pero poñede a man na conciencia e dicídemme vós, señor apoloxista dos enganadores e dos infieis, se colleriades como amigo o doutor de Toulouse. Dubidades? Queda todo dito; e dito isto, rógoles a Deus que acolla na súa santa custodia a toda muller a quen se vos ocorra dirixir a vosa homenaxe.